


Barcelona

ENTREVISTA

Afonso Becerra: "Poñerse na pel doutros personaxes é fantástico para comprender aos demais"

[27/03/2006 16:48] Afonso Becerra de Becerreá é un home de teatro en toda a globalidade do termo: actor, autor, director e investigador teatral. Cursou gran parte da súa formación artística no Institut del Teatre de Barcelona, cidade que, como el mesmo di, leva no corazón. Desde setembro de 2005 forma parte do equipo docente da nova Escola Superior de Arte Dramático de Galicia. Unha entrevista de **Fina Iglesias**.



Como observador privilexiado da actividade teatral galega e da catalana qué opinión tes das dúas?

A diferenza fundamental radica en que en Galicia temos unha grande riqueza en colectivos teatrais máis ou menos consolidados, o sistema teatral galego

baséase nas súas compañías, algunhas como *Artello*(1978), *Os Monicreques de Kukas*(1979), ou *Sarabela*(1979) cunha antigüidade e unha traxectoria artística considerables.

Mentres que en Catalunya proliferan e abundan as produtoras públicas e privadas que, hoxe en día asumen case a representatividade do teatro catalán, pensemos que o boom do teatro catalán pertence aos anos 70 e 80 con *Els Joglars*, *Els Comediants*, *La Fura dels Baus*, *La Cubana*, *Dagoll Dagom*. Pero actualmente a única que conserva un sistema e unha filosofía de traballo propia dunha compañía é a que dirixe Albert Boadella. O resto funcionan, en realidade, como produtoras que, para cada espectáculo fan un cásting e teñen varios produtos rodando á vez no mercado. Despois debemos pensar no lugar que ocupan produtoras privadas como Focus, ou públicas como o TNC ou o Lliure, que son as que máis volume de espectáculos xeran.

Á marxe disto, o teatro catalán, cunha tradición como teatro profesional moito máis longa que a galega, cunha escola, o Institut del Teatre, cunha moi longa traxectoria académica, e cunha clase burguesa catalanista que sempre protexeu e potenciou as súas manifestacións artísticas, pois dá, indefectiblemente, un teatro cunha calidade e unha factura técnica superiores ao teatro galego, onde, pola contra, tamén xorden propostas escénicas sumamente estimulantes e homologables.

Traballaches en espazos tan diferentes como o desaparecido Malic, unha sala pequena e íntima, e mais no Lliure, coa súa concepción diferente do espazo escénico, que prefires, en que ámbito te sentes máis

cómodo? Ou prefires a gran sala institucional?

Cada espazo teatral comporta unha relación diferente co público, e iso leva asociado un tipo de dramaturxia diferente, unha construción dos personaxes diferente e uns retos artísticos diferentes. É evidente que non é o mesmo facer un *Macbeth*, como o que dirixiu Dani G. Salgado no Malic, nun teatriño pequeno con corenta espectadores pegados aos actores, que facelo na Sala Grande do TNC ante centos de persoas. Neste caso concreto é moito máis reto facer desa obra un *Macbeth* de peto, para unha sala anana como era o Malic de Barcelona, que facelo nun grande escenario como o do TNC, podendo botar man de toda a sofisticada maquinaria. Como di un dos poucos reis que a min me gustan, o Lear de Shakespeare: "A arte da necesidade é admirable: volve valioso o mísero". Non obstante, esas grandes maquinarias escénicas dos teatros ben dotados tamén é algo moi necesario, pero non para escudarse detrás dos aparatos e da fastosidade escenográfica, senón para seguir asumindo retos, e facendo de todo iso algo vivo que conecte co espectador profundamente e que, asemade, sirva para facer evolucionar a linguaxe escénica. Penso en Bob Wilson ou en Robert Lepage e nas súas propostas espectaculares que supoñen unha importante inflexión no avance da linguaxe escénica, grazas á conxugación duns intérpretes que semellan achegarse tecnicamente á perfección, e ao emprego dos dispositivos escénicos dixitais, electrónicos, lumínicos, sonoros, audiovisuais, etc. asumidos como un reto expresivo e estético.

É certo que o teatro ten poucos espectadores? Cres que as institucións deberían promocionar o teatro máis alá das grandes salas?

O teatro ten poucos espectadores, a literatura ten poucos lectores, os museos, fóra dos que empregan reclamos efectistas (e non por iso os crítico), tamén lles custa ter visitantes. Que acontece? Ufff...!!!

O que está claro é que eu sigo sen ver na Televisión Galega nin nas outras publicidade das artes escénicas. Os dramaturgos son ignorados como autores, non aparecen en ningures. Non se fomenta, de verdade, a cultura: nin a lectura, nin o teatro, etc. Será porque a cultura axúdalle ao ser humano a emanciparse e iso no fondo non interesa? Non o sei, semella un vello tópico, pero algo diso debe de haber.

Se queremos unha sociedade máis evolucionada, máis libre e, por tanto, máis responsable e comprometida debemos apostar pola educación e polo fomento da cultura. Un país sen cultura é un país malogrado, e o teatro, dentro da cultura, é unha das manifestacións máis potentes. Pensemos na civilización occidental que ten as súas bases na Grecia clásica, e logo lembremos o papel importantísimo que xogaba o teatro.

Cómpre a inclusión dunha formación básica en teatro, expresión oral e corporal no ensino?

Por suposto. A adestramento vocal e corporal son os piares da arte actoral e, asemade, ferramentas expresivas por antonomasia, que nos poden axudar a exteriorizar aquilo que nos pasa e a comunicarnos cos demais. Considéroas aprendizaxes útiles para a vida. Despois o teatro, pedagoxicamente, tamén axuda a aprender a escoitar aos demais, educa a nosa sensibilidade. Iso de poñerse na pel doutros personaxes é fantástico para comprender aos demais, para aparcar os prexuízos, para educarnos nos valores humanos primixenios. Máis teatro como ferramenta de educación cívica e menos relixión católica apostólica e romana. A ver cando temos, dunha vez por todas, un estado obxectivamente aconfesional! Ou queren que sigamos a ser ovellas?

No teu libro *O ritmo na dramaturxia*, editado pola Biblioteca Pillado-Mayor, consideras o teatro como un "todo vivente". Pensas que por veces os dramaturgos ou os directores esquecen esta concepción global?

Si, ás veces, os directores e os dramaturgos podemos estar enaxenados acometendo alardes formais nun delirio estético, ou, pola contra, ficando no significado obvio, e nos golpes de efecto. Dun xeito ou doutro, actores, actrices, directoras, directores, etc., teñen que xogar sempre co público e facelo participe dese xogo, e para iso teñen que saber crear unha estrutura orgánica, na dramaturxia, na actuación, na dirección, no espazo escénico, etc., e cando digo "orgánica" refírome a ben organizada. O ritmo é a cifra e o entramado relacional de todo iso, e sen ritmo non hai vida. Así que a aplicarse!!!

Andas a traballar nalgún novo proxecto para á escena?

Agora mesmo estou entregándome, todo o que podo, á pedagogía, un terreo que é apaixoante pero sumamente difícil. Creo que ser un bo profesor é complicadísimo, e creo que temos unha responsabilidade non só académica senón tamén ética moi importante. Así que, por agora, céntrome niso. Pero sei, de certo, que máis adiante necesitarei implicarme en proxectos creativos teatrais. Necesitareino, si, irremediabilmente será así.

Cal é a túa valoración dos primeiros meses da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza?

A miña valoración é moi boa. O equipo actual de docentes traballa con moita ilusión e empeño, e a do alumnado tampouco se queda atrás. Imos a por todas, queremos situar [ESAD](#) como un centro de pedagogía e investigación de prestixio dentro e fóra de Galicia. Manuel Vieites, o director e un dos principais impulsores de que, por fin, exista un centro superior de formación en Galicia, é un home inqueda que non fica nunha poltrona senón que non para de moverse, está en todos os lugares representando á escola, parece

ubicuo. E esa intensidade no traballo, na xestión, esas ganas de que todo funcione e de que a escola sexa un punto de referencia contáxiallas a todo o equipo. Estamos traballando en moitas cousas que, pouco a pouco, irán saíndo á luz.

**Cal é a túa opinión sobre a dimisión de Ánxeles Cuña?
Como valoras a traxectoria do CDG nestes meses?**

Sinceramente, estráñame moito ese asunto, paréceme que á marxe dos desacordos contractuais aí houbo, quizais, algunha outra cousa, algún desencontro quizais, porque eu son dos que penso, en xeral, que poder é querer. Pero, en fin, francamente non sei que máis contestarche. Levo en Galicia uns meses, desde setembro, así que tampouco coñezo a Ánxeles, pero creo que posúe unha experiencia máis que salientable. Nestes meses pouco puidemos ver os froitos da súa xestión á fronte do CDG, iso si, parecía haber unha vontade por propostas innovadoras como a de Ana Vallés, unha directora que ultimamente trunfa máis fóra de Galicia que dentro. Non sei, Ánxeles paréceme unha muller comprometida co teatro e co país, así que dáme pena que marche do CDG, xa veremos o que pasa. No fondo o CDG non é unha compañía, é un centro de produción que debería evolucionar cara un Teatro Nacional de Galicia que abraza diferentes fronte de traballo. E para comandar algo así fai falta un perfil que reúna cualidades como a sensibilidade artística, pero tamén unha capacidade de xestión moi grande, e que traballe cun equipo ecléctico de dramaturxistas, senón sempre acabará por ser algo moi personalista.

Ti que a coñeces, fálanos da nova directora do CDG.

É unha noticia moi boa o nomeamento da miña colega de traballo, Cristina Domínguez Dapena, como directora do CDG. Entre outras razóns, porque é unha profesional do teatro cunha sólida formación académica, licenciada en Arte Dramática. E porque, ademais, é unha persoa entregada e comprometida co seu país, coa súa cultura e co teatro, como ten demostrado na súa traxectoria artística á fronte de Factoría Teatro.

E Barcelona, bótala de menos?

Ufff... claro que a boto de menos, estou namorado, literalmente, de Barcelona. Son moi galeguista, amo a miña terra, estou moi contento da volta a Galicia, pero... Barcelona, ufff... a nivel persoal pasei unha depresión ao ter que abandonar a cidade na que vivín dez dos anos máis intensos da miña vida, dos vinte aos trinta, os primeiros traballos, as primeiras hostias, *parlant clar i català*, os primeiros amores... Pasei todo o último verán en Barcelona, por se ao final saía que me tiña que vir a traballar a Galicia, en setembro tívenme que vir e, en canto me deron o calendario laboral, o primeiro que fixen foi mercar billetes de avión Vigo-Barcelona para tódalas pontes e tódalas vacacións, entón fiquei un pouco máis tranquilo, foi como unha terapia!

A TÚA ESCOLMA

Unha obra de todos os tempos *Os Eidos* de Uxío

Novoneyra (nela tamén hai voz obxectiva como a que pide o drama, pero aquí o personaxe que fala é a terra, e a ver quén a representa?)

Unha posta en escena para lembrar *Annus Horribilis* de Chévere (Sala Nasa, Compostela)

O rei Lear do Piccolo Teatro de Milán dirixido por Giorgio Strehler.

A peza que che gustaría levar á escena *Á outra banda do Iber* e *Un hotel de primeira sobre o río* de Xohana Torres.

Recoméndanos unha lectura

Teño que coñecerte para recomendarche unha lectura. Agora mesmo, á marxe de mil libros de e sobre teatro, estou a ler a Ingeborg Bachmann e ponme coiro de pita!

O teu recanto favorito de Barcelona

Os meus amigos e a lingua.

Foto: Vicenta Sendra Pons

Fina Iglesias